



**SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 28 DE XUÑO DE 2.018**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e cinco minutos do día vinteito de xuño de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez do grupo municipal do BNG, e D^a María Teresa Pereira Quintas do PSdeG, coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 09/04/2018

Por unanimidade dos asistentes, aprobouse a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 9 de abril de 2018.

2º.- RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN PLENARIA.

Deuse conta das Resolucións adoptadas pola Alcaldía quedando a disposición dos Sres. Concelleiros para a súa consulta nas dependencias de Secretaría.

3º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS CON GAS NATURAL.

Dase conta ó Pleno da Corporación pola Alcaldía do expediente incoado para saldar a débeda existente con Gas Natural Fenosa para evitar a súa reclamación por vía xudicial.

Dase conta así mesmo, do acordo suscrito para o pagamento das cantidades reclamadas por Gas Natural Fenosa.

Visto o informe de Intervención no que se establecía que era posible o devandito recoñecemento.

Visto o informe proposto de Secretaría emitido para proceder ó recoñecemento extrajudicial dos créditos por importe de 88.640,22 euros correspondentes a facturación de Gas Natural pertencente a outros exercicios orzamentarios. Na anualidade 2018 o importe a recoñecer ascende a cantidade de 15.937,96 euros e na anualidade 2019 o que resulte pendente.

Visto o informe da Comisión de Facenda, de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Pleno a proposta desta Comisión Informativa, adopta por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento dos créditos, correspondentes a exercicios anteriores de Gas Natural por importe de 88.640,22 euros.

SEGUNDO.- Aplicar, con cargo ó Orzamento do exercicio 2018 a cantidade de 15.937,96 con cargo a partida 165 22100.

4º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL DE CHAGUAZOSO.

O Alcade-Presidente da conta do Expte. tramitado para a Delimitación do Núcleo Rural de Chaguazoso.

Visto o informe de Secretaría no que se sinala:



ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Concello de A Mezquita non dispón de ningún instrumento de planeamento xeral municipal, dacordo co artigo 189 do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo, a fin de poder edificar no devandito núcleo, é necesario aprobar a delimitación de solo de núcleo rural.

SEGUNDO.- Con data 29 de outubro de 2015, emitíuse informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a delimitación.

TERCEIRO.- Con data 29 de outubro de 2015 encargouse a elaboración e redacción do proxecto de delimitación de solo de Núcleo Rural de Chaguazoso ó técnico D. Jorge Lorenzo Mosquera.

CUARTO.- Con data 1 de marzo de 2016 o Pleno da Corporación Municipal aproba inicialmente a Delimitación do Núcleo Rural de Chaguazoso e acorda sometelo a exposición pública e solicitar os correspondentes informes sectoriais.

QUINTO.- Someteuse o expediente a información pública polo prazo de UN MES, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia nº 52, de data 16 de Marzo do 2016 no xornal A Voz de Galicia, de data 11 de marzo do 2016, e no xornal Faro de Vigo, de data 11 de marzo do 2016.

SEXTO.- Durante o período de información pública, NON SE PRESENTARON ALEGACIÓNS ó mesmo.

SÉTIMO.- Solicitáronse os correspondentes informes sectoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e Medio Ambiente- Confederación Hidrográfica del Duero. Foron incorporados no documento inicial as observacións formuladas e foron emitidos os informes favorables por todos eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Disposición transitoria primeira do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo.
- Os artigos 13, 56,61.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Os artigos 22.2 c) e 47.2. II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e nos artigos 22.2c) e 47.2. II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o Proxecto de Delimitación do Núcleo Rural de Chaguazoso coas modificacións incorporadas resultantes dos informes sectoriais emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia e pola Confederación Hidrográfica do Douro.

SEGUNDO.- Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de Delimitación do Núcleo Rural de Chaguazoso á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Dirección Xeral do Territorio e Urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

5º.- NOMEAMENTO DE TESOUREIRA ACCIDENTAL.

Expón o Sr. Alcalde a proposta de nomear con carácter accidental como Tesoureira á funcionaria M^a Angeles Crespo García por ser a solución mais acaída para o Concello, tanto dende o punto de vista funcional como dende o punto de vista económico.

Informa o Secretario-Inteventor que tanto nos criterios para o exercicio das funcións de Tesourería nos concello de menos de 20.000 habitantes a partir do 1-01-2017 da



Dirección Xeral da Función Pública como no RD 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime dos funcionarios con habilitación de carácter nacional na súa disposición transitoria sexta apartado 3 está prevista esta posibilidade.

O Pleno da corporación por unanimidade ACORDA:

Nomear á funcionaria municipal D^a M^a Ángeles Crespo García como Tesoureira para que exerza estas funcións a título accidental.

6º.- MOCIÓN A PROL DA EDUCACIÓN NO RURAL.

Da conta o Sr. Alcalde da seguinte moción remitida pola Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural e a Confederación de ANPAS galegas:

PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DE MOCIÓN NOS CONCELLOS GALEGOS A PROL DA EDUCACIÓN NO RURAL

A situación actual das escolas do medio rural, nomeadamente aquelas situadas en bisbarras con menor poboación, require un posicionamento e defensa dos servizos públicos de educación no medio rural, por parte das institucións que deben xestionar as demandas e necesidades da súa veciñanza, é dicir, dos concellos.

Non está en cuestión o fundamento legal do dereito á educación, nin da igualdade de trato ou de acceso aos mesmos dereitos en calquera parte do territorio, nin tan sequera da obriga dos poderes públicos de velar polo efectivo cumprimento da lei e de corrixir os desequilibrios territoriais en base á solidariedade... aspectos todos eles recollidos na Constitución e numerosas leis de desenvolvemento do medio rural, de hábitat, da agricultura e, mesmo, de educación.

Porén, o continuo peche de escolas, a supresión de unidades e prazas, a perda de especialistas, o recorte de recursos, a inadecuación, supresión ou limitación de transporte e comedor escolar, a carencia de novos sistemas de agrupamento funcional flexibles e adaptados ao medio rural, todos eles, están provocando a desaparición do servizo público de educación no rural e consecuentemente aceleran o seu abandono e falta de alternativas.

Dende as zonas de montaña ata as zonas rurais periurbanas, o medio rural galego acubilla máis da metade da poboación galega, sexa en lugares, aldeas ou vilas rurais. Non é, por conseguinte, un problema menor, senón de grande relevancia para Galicia e para moitos concellos.

Resulta palmario que estas familias habitantes do rural teñen dende hai moitas xeracións o seu proxecto vital no medio rural e polo tanto teñen dereito a que nese contexto se lles articulen solucións de futuro.

En remate, trátase de garantir:

- Unha discriminación positiva dos centros escolares do rural para que o seu alumnado teña os mesmos dereitos que os de outras zonas.
- Unha asignación optimizada de recursos educativos, tanto materiais como docentes, de transporte e comedor escolar que sexan racionais, suficientes e adaptados que posibiliten a igualdade de dereitos.
- A primacía do dereito á educación das nenas e nenos e das súas familias sobre o criterio administrativo do número de alumnos/as.
- Unha educación que valorice os acenos identitarios do rural incentivando o apego das crianzas coa contorna da súa terra e polo tanto a súa raizame.

Con estes fundamentos, a Confederación ANPAS GALEGAS en representación da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural (que aglutina a unha diversidade de entidades do medio rural como as propias anpas, movementos de renovación pedagóxica, grupos de desenvolvemento rural, sindicatos, asociacións e colectivos ecoloxistas, veciñais, culturais e de igualdade de xénero, colexios profesionais, e profesorado de educación infantil, primaria, secundaria e universidade, entre outros), presenta para a súa discusión e aprobación no pleno municipal dese concello a seguinte *MOCIÓN*:



- 1. Que se solicite da Xunta de Galicia a elaboración e aplicación dun Plan Específico de Educación para o Medio Rural coa finalidade de dar solucións contextualizadas aos graves problemas que lle afectan.*
- 2. Que se lle pida á Consellería de Educación a adopción dunha moratoria no peche de escolas ou supresións de unidades, servizos complementarios e recursos educativos que atinxan ao rural, en tanto non entre en vigor o Plan solicitado no punto anterior.*
- 3. Que se lle demande á Consellería de Educación a execución, entremetres, de fórmulas de agrupamentos funcionais flexibles e adaptadas a cada zona escolar, consensuadas coa comunidade educativa, na procura de novos modelos de desenvolvemento do servizo público de educación no rural.*
- 4. Que dende ese Concello se notifique á Consellería de Educación da Xunta de Galicia este acordo a prol da educación no rural galego e se remita copia á Confederación ANPAS GALEGAS.*

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**

- 1. Que se solicite da Xunta de Galicia a elaboración e aplicación dun Plan Específico de Educación para o Medio Rural coa finalidade de dar solucións contextualizadas aos graves problemas que lle afectan.*
- 2. Que se lle pida á Consellería de Educación a adopción dunha moratoria no peche de escolas ou supresións de unidades, servizos complementarios e recursos educativos que atinxan ao rural, en tanto non entre en vigor o Plan solicitado no punto anterior.*
- 3. Que se lle demande á Consellería de Educación a execución, entremetres, de fórmulas de agrupamentos funcionais flexibles e adaptadas a cada zona escolar, consensuadas coa comunidade educativa, na procura de novos modelos de desenvolvemento do servizo público de educación no rural.*
- 4. Que dende ese Concello se notifique á Consellería de Educación da Xunta de Galicia este acordo a prol da educación no rural galego e se remita copia á Confederación ANPAS GALEGAS.*

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde dá por concluído o Pleno, sendo as vinte horas e vintecinco minutos, do que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,